

Resposta á laudatio, por Euloxio R. Ruibal

Atopándome eu, con un amigo e mais unha amiga, nunha desas áreas da autoestrada, xusto fronte ó mar de Vigo, revoou un paxariño sobre a miña cabeza. Seguino coa ollada. Desapareceu cara ás illas de San Simón, illas de poetas, onde talvez pousou na póla dunha abeleira. Ó pouco, veu de volta rindo, chioume un segredo ó ouvido e endereitou cara o mosteiro de Armenteira.

Os meus amigos, quizais pola miña radiante face, case souberon antes ca min cal era o segredo. Non tardou en soar o meu móbil. A voz de Cesáreo Sánchez comunicábame que eu fora elixido para ser nomeado “O escritor na súa terra - letra E”, do ano 2024. Cal sería a idade do paxariño nesa altura? Un chíó? Dez chíos? Cen chíos...?

Pero vaíamos cos agradecementos, que non me quero esquecer de ninguén. En primeiro lugar, grazas á Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega, ó seu presidente, Cesáreo Sánchez, á vicepresidenta, Beatriz Maceda, ó consello directivo e ó conxunto da institución, por concederme este prezado recoñecemento, que me enche de alegría.

Grazas alcaldesa, Goretti Sanmartín, polas túas agarimosas palabras e polo apoio prestado en todo momento á celebración desta homenaxe. Grazas, Soledad Penalta, por esta magnífica obra de arte. Grazas concelleiras e concelleiros, deputadas e deputados, autoridades, prensa, compañeiras e compañeiros da Real Academia Galega.

Grazas a todas e a todos os que fixeron posible este acto e ós que estades a acompañarme nestes momentos tan ledos para min.

Unha lembranza especial para as persoas importantes da miña vida que “camiñan pola brétima do infindo”: Xosefina, Pepe, Roberto, Magán, Héctor, Xerardo, Xoán, Xulio, Heidi, Gustavo, Luísa, Fermín, Salvador... Amigos da alma.

Grazas benqueridas amigas, benqueridos amigos. Sempre recibín o voso alento e sempre me sentín arroupado coa vosa amizade, o máis grande agasallo.

Prezado Juan Jesús Valverde, amigo dende hai máis de sesenta anos, ti es o culpábel de que hoxe estea neste escenario, pois foches quen me achegou por primeira vez ó teatro. O teu amor polas artes escénicas fai milagres.

Grazas benqueridos curmás e paisanos de Ordes, a terra onde nacín. Para vós, este pequeno poema:

“Buscás, O Casal, Darefe,
Tiopeira, Reverencia, Leira,
Vilariño, Poulo, Fonte Estrei,
percórrovos,
onduladas Terras de Ordes
como a paisaxe dunha amada.”

Grazas á miña filla, Sabela, ós meus pais Francisca e Manuel (*in memoriam*), ás miñas irmás Merce e Carmen, ó meu cuñado Matías, ós meus sobriños, Telma e Manuel, e demais familiares.

Queridísima Inma López Silva, moitas, moitas grazas. Hoxe oficiaches de loadora maior e emocionáchesme profundamente. Coa túa engaiolante e xenerosa *laudatio*, descubríchesme cousas sobre min nas que nunca antes reparara.

És unha gran coñecedora da miña obra, e os teus escritos sobre a mesma sempre os tiven en gran consideración. Posúes o don da escrita, un magnífico alento poético e o dominio dunha prosa precisa e cativadora. E así podería seguir... cunha nova *laudatio* de resposta á túa, ó xeito dunha regueifa. Pero penso que eu sairía perdendo, pois, como xa che dixen nunha ocasión, “ Inma, cando me faga maior, gustaríame escribir tan ben coma ti”.

“Enaltecer unha lingua, unha cultura, un pobo” foi, ou pretendín que fose, a guía do meu ideario artístico e vital, como xa dixen noutro lugar, axudado polo entorno da miña familia e das persoas que me acompañaron ao longo da vida.

Tentei seguir, ética e esteticamente, o ronsel de mestres e guieiros ós que sempre venerei: Rosalía, Castelao, Seoane, Cunqueiro, Dieste, Celso Emilio, Blanco-Amor... sen esquecerme de todos aqueles escritores e escritoras actuais, que acotío traballan por facer da nosa lingua un eido de dignidade.

Só así, deste xeito, se podería acadar o pretendido por Antón Vilar Ponte: “facer da vida unha verdadeira obra de arte”.

E para rematar, vou ler un fragmento dun texto da miña autoría, practicamente inédito:

“Na illa de Citera cabe todo o Amor do universo mundo. Porque Citera és ti, son eu, somos nós. Todos. Illa, Amor, Citera. Illa de Citerea. Escuma feita muller. Afrodita. A que chegou dacabalo das ondas mariñas. Ou voando nun carro tirado por millentos cisnes. Non se sabe ben. Bicou a beiramar. E ficou aquí para sempre. Para ser deusa. Inmortal. Para ser bela e desexada eternamente. Escuma de amor. Amor de Auga. Amor de Lume. Amor de Terra. Amor de Aire.

Velaí a temos. Sentímola. Brinca por vales e outeiros, por cráteres e penedos, por hortas e fragas. Dorme, só para espantar un soño, no templo máxico dunha cuncha vieira. E corre, chouta, xoga. Sempre en núa liberdade. As nubes foxen ó seu paso. E os malos ventos. E tamén as treboadas. A deusa reloce sempre coma un sol. Por iso sorrín as papoulas. E canta o merlo. E cuca o cuco. E voan as bolboretas. E rin os coellos. E xogan as troitas. E bailan ledos os lagartos. E dá xenio. Todo o xenio do mundo. O corpo da terra estremece de pracer. Mar abalado pola lúa. Terra abrazada polo mar. Árbores aloumiñadas polo vento mareiro. Tódalas terras, tódolos mares, tódolos ventos. Illa. Citera. Afrodita. Amor.

Así era ou así se nos amosaba, no común imaxinario dos humanos, en tempos de Adonis. Pero non sempre o amante visitaba á amada. Hefesto, o esposo horrendo e deforme, mantíñase ó axexo. O lume do seu cráter estaba sempre aceso. Máis non foi quen de gardar tanto amor e tanta beleza. Outros deuses viñeron roubarlla. Así eran os deuses maiores do Olimpo. Tal coma humanos. Ares, o deus da guerra, foi un deles. Fealdade e guerra en loita. Guerra, sempre guerra.

Citera xa nunca sería igual. Guerra. Afrodita, aí, perdera a mazá de ouro. Velaí a súa culpa. Ou a nosa. Os paraísos talvez tarden unha eternidade, pero acaban mudando. Ou perdéndose. Tanto ten. Só fica morta a memoria. Unha memoria que perdura na grandeza das artes para aguilloar conciencias e estimular os imaxinarios dos humanos e máis dos deuses. Deuses creados á nosa imaxe e semellanza, ó longo dos tempos para comprendermos o mundo que habitamos. Os artistas sábeno ben. Víveno. Sóñano. Padéceno. E plásmalo para regalía das almas sinxelas e inocentes, das almas puras e sensíbeis.

De nada serven bágoas de seiva ou de sangue. As liñas deben continuar o rego da historia. Ou da lenda. Demoran no esbozo das ás de anxos primixenios que nada han salvar. Xa nada poden. Nin eles nin tampouco os deuses menores. Todo pertence ós deuses novos, que todo o dominan. Todo o poden. E seguen, seguen os trazos da súa senda. Percorren vieiros surreais que levan a ningures.

O labirinto volve sobre sí mesmo. Enrólase onírico e abismal. Non hai saída posíbel. O fío salvador fica engulipado pola enxurrada de refugалlos. E co fío, todos nós. Escoura, lixo, cascallos. A tona da terra quedou oculta, sepultada. Resposos de retrónicas o confirman. Ó lonxe, as fábricas dos novos deuses expelen negras fumeiras e cospén. Algo cospén. Nin se sabe.

A illa de Amor afoga. Esmorece. E non ha valer todo o amor do mundo para recuperala? Todo o Amor teu, meu, noso? Todo o amor que cabe en Citera? Citerea. Illa. Amor. Vida. *Beizón.*